

***Blackout* (unha doce celebración da morte)**
João Samões

Nesta *performance* experimental de João Samões, dous intérpretes percorren e exploran a superficie e as texturas dos ósos dun modelo anatómico de esqueleto humano a través de pequenos micrófonos. Ao mesmo tempo, outra persoa manipula e esculpe electronicamente o son en tempo real. *Blackout* é unha reflexión estética e *performativa* sobre a morte. Unha obra híbrida que tomando a forma de *performance* sonora utiliza un traballo que limita con concepcións creativas que buscan a integración de elementos como o son, o tempo, o espazo, a imaxe e o movemento. Céntrase nun obxecto manipulado como xerador de son, resonancia e sentido e nun «entender o corpo» como unha inesperada montaxe de símbolos e códigos.

A morte é por excelencia un momento de crise e de radical transición profundamente enraizado no corazón da vida social. Todas as sociedades presentan un número de cerimoniais e rituais fúnebres que teñen como obxectivo acentuar esta radical transición dunha fase a outra. Pero as cerimoniais funerarias din máis dos vivos ca dos mortos e é entre eles onde debemos establecer un novo patrón de relación social. Unha tanatoloxía que nos lance cara á extrema diversidade e complexidade cultural das diferentes formas de pensar a morte. Entre os Sora, da fronteira de Orissa co Andhra Pradesh, os mortos aínda falan cos vivos a través do xamán en trazo; en Madagascar os familiares desenterran os seus mortos e bailan con eles manifestando unha mestura de melancolía e alegría; na cerimonia Sigui dos Dogon dos desfiladeiros de Bandiagara de Mali —estudados de forma apaixonada por Griaule, Dieterlen e Rouch— conmemórase a invención da morte e da linguaxe (e toda unha transmisión dun coñecemento dunha xeración a outra nun ciclo de sesenta anos). Cada cultura responde creativamente aos misterios do sufrimento e da morte e produce o seu propio vocabulario baixo a forma de mito, especulación filosófica ou hipótese científica.